

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/19	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Cumprimento dos prazos para a aprobación do Orzamento municipal para o exercicio 2021»
Data	12 de novembro de 2020
Duración	Desde as 20:37 ata as 22:20 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470783D	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
44089250K	AMALIA LAGO DURÁN	SÍ
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES (incorpórase á sesión sendo as 20:43 horas)	SÍ
34898999H	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	SÍ
44091707V	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
76871323X	IVÁN MANUEL SANMARTÍN EIRÍN	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
44455084V	JUAN CARLOS GONZÁLEZ BARCIA	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ





44089524L	LUCÍA SEOANE ROSENDE	SÍ
44093720Y	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76868700D	MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ
30229121Z	PATRICIA CARRACEDO DURÁN	SÍ
76864061Q	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE NOVEMBRO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de novembro de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 4201/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/R/2020 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 60/2020)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar esta proposta toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, que di que estamos ante a proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2/R/2020 (modificación orzamentaria nº 60/2020) e que ten como obxecto a instalación dun purificador de aire na Escola Infantil municipal; e, á vista, do carácter urxente e inaprazable desta necesidade, sométese a esta sesión esta proposta e que supón a cantidade de



40.000,00 €.

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para dicir que estamos ante un expediente que inclúe un informe emitido pola Intervención contrario á modificación orzamentaria que se propón, polo que considera que esta operación tívose que facer antes, sen embargo o valora como un gasto necesario por considerar que a merca e instalación deste purificador de aire vai a mellorar a calidade hixiénica da Escola Infantil, polo que o seu grupo vai a votar a favor.

Pide a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar o voto a favor desta proposta.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna Susana Camba Castro**, di que considera que esta obra é necesaria e, polo tanto, vai a votar a favor.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 23/10/2020, en relación co asunto que se trata a continuación.

Vista a Memoria asinada o 23/10/2020 polo Concelleiro de Facenda.

Vista a Providencia da Alcaldía de date 23/10/2020, polo que se ordena a incoación de expediente de crédito extraordinario nº 2/R/2020 por importe de 40.000,00 euros, financiado mediante superávit - remanente líquido de tesourería, ante a urxente e inaprazable necesidade, segundo se xustifica na memoria, de instalar na escola infantil municipal, un sistema de purificación de aire que protexa aos nenos/as usuarios e aos traballadores/as do centro fronte ó virus Covid-19, para evitar a transmisión entre eles e as súas familias.

Visto que este expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte.

Visto o informe de desconformidade emitido pola Sra. Interventora municipal con data 23/10/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de contas, en sesión celebrada o 3 de novembro de 2020.

Visto o debatido nesta sesión, e de conformidade co disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 2/R/2020 (modificación orzamentaria nº 60/2020) financiado con superávit -remanente líquido de tesourería-, co seguinte detalle:

- Orzamento de gastos:
 - Aplicación do orzamento de gastos que se dota de crédito extraordinario: 323.622.01.
 - Descrición: " Investimento novo. Instalación sistema purificación de aire COVID 19. Escola Infantil Municipal".
 - Importe: 40.000,00 €
- Orzamento de ingresos:
 - Concepto: 870.00
 - Recurso financeiro: Remanente Líquido de Tesourería.





- Importe: 40.000,00 €

Segundo.- Expoñer ao público ste expediente de modificación de crédito que se aproba inicialmente por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e nos artigos 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o devandito período non se presentaran reclamacións.

Expediente 4003/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2021

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12

En contra: 9

Abstencións: 0

O **Sr. Alcalde** quiere trasladar aos distintos membros da corporación que, despois das distintas negociacións, detectáronse dous erros materiais no que se refire á Plantilla de Persoal, achegándose pola Mesa de Negociación sendas propostas consistentes en:

1º. A Incorporación dos membros do GES na Unidade de Protección Civil e Emerxencias, ao abeiro dunha Sentenza que os declara persoal fixo.

2º. A modificación do nivel de Complemento de Destino dos Arquitectos, xa que figura co nivel 26 cando en realizada é o nivel 28.

Intervén para explicar este asunto o Concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, que comeza informando que tráese para a súa aprobación inicial o proxecto do Orzamento para o exercicio 2021, formado por un conxunto de documentos e que, no seu plano formal, cumpre con todos os requisitos legais, entre esta documentación inclúese o Estado de Gastos e o Estado de Ingresos que ven separados por programas e categorías, xunto cos seus anexos e demais documentación complementaria; así mesmo, as Bases de Execución coas modificacións propostas.

INCORPÓRASE Á SESIÓN A CONCELLEIRA DO GRUPO DO PARTIDO SOCIALISTA DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES).

Continúa o Sr. Blanco Carracedo dicindo que este Orzamento cumpre coa suficiencia de crédito para dar cumprimento ás obrigas; existe, ademais, nivelación do presuposto; dedúcese un aforro neto positivo, e cumpre tamén co principio de estabilidade orzamentaria.

No que se refire ao teito de gasto, di que a novidade deste ano é que se segue o acordo do Consello de Ministros do 06/10/2020.

En canto á tramitación, primeiro deuse conta ao persoal, despois pasou polo Consello Económico e Social e inmediatamente someteuse ás Comisións Informativas correspondentes, procedendo agora á súa aprobación inicial para posteriormente efectuar a súa exposición pública durante o





prazo de 15 días e, no caso de non existir alegacións, aprobarase definitivamente coa conseguinte publicación no BOP e a súa remisión ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma. Informa que estamos ante un Orzamento que acada unha cifra de 13.700.882,40 € e que, con respecto ao do ano pasado, supón un incremento de 462.000,00 €. Di que se trata dun Orzamento que continúa co programa que este grupo de goberno impuxo dende o ano 2011, onde o obxectivo principal era manter, incrementar e mellorar os servizos (Centro de Día, Centro de Alzheimer, Escola Infantil, axudas aos emprendedores, teleasistencia, etc.) e que van marcando a evolución de todos os Orzamentos anteriores. Di que estamos ante un Orzamento que contén datos que se axustan á realidade e ao principio de prudencia; sobre todo estamos ante un documento cun forte carácter social e que vese afectado polo COVID-19, intentando dar resposta a esta situación. En materia de urbanismo, se segue desenvolvendo o PXOM e preparando novos plans parciais e que suporán un aumento dos ingresos así como a obtención de terreos e zonas verdes, sobre todo, parcelas para a creación de vivendas sociais.

Analiza, a continuación, os ingresos e os gastos, así, con respecto aos primeiros, prodúcese un aumento en todos os Capítulos, excepto no de Taxas, onde se produce unha diminución do 0,81%, onde non existe ningún aumento de tipo dispositivo, nin sequera actualización do IPC; no relativo aos impostos destaca que se axustan aos incrementos dalgúns dos Padróns e, por este motivo, reflectan o acordo chegado co ORAL e que foi dando o seus froitos, sobre todo nas regularizacións do IBI, producíndose un incremento no mesmo; en canto ao imposto de vehículos de tracción mecánica segue mantendo os mesmos valores do ano anterior; sube a previsión no imposto sobre o valor dos terreos urbanos (plusvalía); en canto as taxas, sofren un incremento con motivo coas revisións efectuadas en canto ao subministro de auga, subministro e recollida de lixo; no resto segue igual, cunha pequena diminución na recadación da Escola Infantil como consecuencia da bonificación fixada.

En canto ás transferencias correntes, no relativo á participación nos ingresos do Estado, por prudencia tómase como valor o do ano anterior ante a falta de información firme neste momento. No que respecta ás transferencias correntes, consígnanse as que teñen un carácter permanente ao longo do tempo, tales como servizos sociais, o CIM, a Escola Infantil, Medio Rural e Incendios, deixando o resto para o momento en que se incorporen mediante resolución.

En canto ás operacións de crédito, di que se contempla a incorporación da solicitude dun crédito por importe de 300.000,00 €, desta forma o índice de endebedamento do Concello queda nun 31,64%, moi por debaixo do 75% establecido legalmente.

A continuación pasa a analizar o Capítulo de Gastos, destacando un incremento de 4,52% dos gastos de persoal, en concreto 244.761,00 € en previsión da aprobación definitiva da RPT; así mesmo dótase de crédito suficiente para a contratación de persoal laboral temporal e para a recollida de lixo e limpeza viaria. En canto ao Capítulo II, hai suficiencia para atender todos os servizos municipais, destacando as partidas de Servizos Sociais que acadan a cifra de 2.100,00 €; tamén téñense en conta os gastos que veñen derivados da pandemia, para elo increméntanse as partidas de limpeza dos edificios municipais e colexios; prodúcese un incremento importante nas partidas de sanidade para diferentes subministros en relación co COVID-19.

Dentro do capítulo de gastos tamén recóllense as diferentes actuacións correspondentes á estratexia DUSI, así como tamén o proxecto de cambio de luminarias da man do IDAE. Aclara que o que se busca con este tipo de actuacións é diminuír o consumo de subministros, en concreto o eléctrico, pero non se reflexa neste Orzamento, senón que, por prudencia, recollerase nos orzamentos futuros, cando os aforros sexan efectivos.

En canto aos gastos financeiros, increméntanse mediante a súa dotación suficiente coa solicitude do préstamo de trescentos mil euros.

No que se refire ás transferencias correntes, di que se aplica unha diminución mediante a adecuación das subvencións nominativas ás efectivamente solicitadas e ás concedidas.

Continúa explicando que, en relación ás Inversións Reais, prodúcese un aumento moi importante



con respecto ao exercicio 2019, acadando unha cifra de 489.528,00 €, esperando que sexa maior grazas a novos financiamentos, tales como o Plan Concellos da Deputación e outras axudas da Xunta de Galicia; o destino destes gastos é o noso rural.

Neste Capítulo II contéplanse actuacións que son realmente inversións, tales como as do IDAE e EDUSI, esta última que prevé que no ano 2021 estea cento por cen executada e que se traduciría nunha posición moi boa para conseguir posibles incrementos ou para acceder a estratexias futuras. Aclara que neste Capítulo de Gastos hai un gran número de partidas que terían un efecto inversor no rural estradense.

Finaliza dicindo que este é o proxecto do Orzamento para o vindeiro ano e que establece as bases para afrontar cada unha das obrigas do Concello e as previsións de gastos que se pretender executar, aínda que a previsión final será outra distinta, ao igual que aconteceu noutros anos anteriores. Di que o grupo de goberno é consciente da existencia doutras obrigas, moitas delas relacionadas co COVID, tales como o compromiso co comercio, a hostalaría e as familias, para elo irase buscando as formas para cubrilas mediante a busca de financiamento o utilizando os remanentes; ademais búscase a prestación dos servizos municipais, incluso aqueles que non sendo competencia deste Concello dan resposta ás necesidades da veciñanza.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **Sr. López Bueno**, trasladando a súa decepción co discurso do Concelleiro delegado de Facenda, por ser o mesmo que o da fai quince días, o que quere dicir que este non se molestou en ver as propostas feitas polos grupos da oposición, ademais na súa exposición recoñece a súa incompetencia á hora de facer un Orzamento, porque o obxecto deste é saber canto vai a ingresar o Concello e gastar onde se pode gastar, pero este documento ao final será totalmente distinto á súa Liquidación.

Di que este Orzamento o ve moi negativo para A Estrada, ademais de ser exactamente igual ao do ano 2019, redactados para unha realidade paralela onde todo é fantástico e xenial, pero polo contrario estamos nunha situación de pandemia mundial e este Orzamento non vai a ser unha ferramenta para combater os efectos desta. Por outra parte considera que este Presuposto non beneficia a ningún estradense (hostaleiros, comerciantes, maiores, etc.), tan só ao grupo de goberno, para elo vai a empezar a analizar en profundidade este proxecto de Orzamento:

En relación ao Capítulo de Gastos critica a falta de recollemento no Orzamento de varias cuestións chave, tales como:

1º.- A previsión de partidas para o combate contra a crise económica, a promoción económica e emprego, e as demandas do rural; observando que, por segunda vez consecutiva, pérdese o Obradoiro de Emprego por mor dunha negligencia do grupo de goberno, a pesares da promesa do Sr. Alcalde de recuperalo para o vindeiro 2021.

2º.- Entende que a partida de persoal suba, pero quere recordar que estamos antes unha situación crítica a nivel sanitario e económico, polo que manter as partidas de promoción e emprego cre que non resolven para nada a situación de desemprego existente no noso municipio.

3º. No que respecta ao desenvolvemento económico, aumentar as axudas a empresas de nova creación en 6.000 euros non é suficiente, considerando que deberíanse crear outras partidas que beneficiaran aos sectores produtivos existentes e que se atopan en mala situación.

Continúa dicindo que ante este disparate de promoción de emprego que numerou anteriormente, o seu grupo fixo achegas para aumentar as nomeadas partidas en 150.000 euros con destino, en concreto, ao financiamento de dúas actuacións: os vales de consumo local (con moito éxito noutros municipios e que o noso rexeitou esta proposta) e a creación dunha sorte de Ribeira Academy, consistente esta último nunha plataforma creada polo Concello de Ribeira e que beneficia á creación de emprego mediante a impartición de cursos de duascenas ou trescentas horas para a mellora dos perfís dos participantes así como da súa empregabilidade e que, ademais, sería apreciado polos nosos empresarios para formar a novos traballadores. Di que estas propostas do seu grupo de goberno facíanse detallando ao céntimo que partidas podíanse axustar,





sen embargo o concelleiro D. Alberto Blanco criticou na radio estas propostas alegando recomendacións do departamento de Intervención, cando estas non supoñen un endebedamento do Concello e tampouco hai que complementar os ingresos; polo que a veracidade do que di o grupo de goberno carece de moita credibilidade e tamén están a dicirlle que non aos hostaleiros, aos comerciantes, aos desempregados e aos veciños e veciñas en xeral. Ante o anterior, di que os concelleiros e concelleiras con dedicación exclusiva ou parcial teñen uns salarios moi ben dotados e pagados por todos os estradenses, pero ao mirar ao resto dos membros do grupo de goberno, Anxos ten unha explotación, vostede (por Alberto Blanco) ten un negocio, os pais de Lucía teñen un bar, etc., polo que non entende que o grupo de goberno sexa cómplice deste atropelo aos sectores produtivos, algo que tampouco os veciños o van a entender, pero alá cada cal co seu voto. Ademais, di que é curioso que se neguen a complementar esas partidas cando perderon o Obradoiro de Emprego, ofrecendo 60 postos de traballo en dous anos, polo que aínda que fora por vergoña política, debería de dicir que si e así tapar esta negligencia do grupo de goberno.

No que se refire á partida destinada ao rural, considera que está incompleta e seguirá estando debido ás demandas (en parte promovidas por este grupo de goberno pola falta de atención a ese sector), por esa razón o grupo socialista propuxo incrementar esta partida con 100.000,00 €, pasando a estar dotada con 425.000,00 €, proposta que estaba moi ben detallada e outra vez a rexeitan, rexeitando con elo a máis bacheos no rural, a máis investimentos en asfaltados, a máis saneamentos e a máis melloras destes; ademais esta proposta non levaba aparelhada débeda, ao contrario do que pretende o grupo de goberno, é dicir, contratar un préstamo para investimentos no rural, deixando claro cales son as prioridades dos actuais gobernantes estradenses.

En materia de Servizos Sociais, observa que efectivamente soben as súas partidas, pero considera que deberíase detallar a que se destinan estes incrementos, porque non van a haber máis horas do SAF, máis horas no servizo de atención temperá, máis prazas no Espazo Concilia nin no Centro de Alzheimer e Centro de Día, en definitiva, non vai a ver unha mellora na prestación social deste concello; a este respecto non entende o por que non se destina ese incremento a mellorar os servizos sociais. Por outra parte, hai outras partidas que manteñen o mesmo nivel que o ano anterior, por exemplo ás de actividades para os maiores, non sabendo se se poderán facer ou non, polo que quizais poderían rebaixarse e complementarse nun momento posterior en caso de facer falta.

En materia de Ingresos, di que considera que a suba de ingresos que planifica o grupo de goberno é ficticia nalgún caso, porque o 45% da incremento recae sobre os/as veciños/as a través de taxas e impostos, de 150.000 € en plusvalías e IBI, 40.000 € de recollida de lixo, 10.000 € de subministro de auga, etc.; polo que observa que se fixo unha adaptación da liquidación do 2019 ao Orzamento para o exercicio 2021, polo que non é un incremento real dos ingresos. Ademais, di que é curioso que no Orzamento se prevexan subas na recadación de taxas cando o grupo de goberno prevé a baixa na taxa das Escolas Infantís municipais e, por fóra, lle están intentando vender aos comerciantes e hostaleiros unha baixa nas taxas por mor de moratorias e gratificacións; polo dito, o grupo de goberno non ofrece moita credibilidade. Volve a pedir que contemple a proposta de baixa de taxas en beneficio do comercio e hostalería estradense e a recollan no Orzamento e, posteriormente, modifiquen as Ordenanzas, porque o considera algo urxente, ofrecendo a súa axuda para acadar este fin.

Continúa, en relación co incremento das partidas do IBI, dicindo que os datos que se ofrecen son falaces, porque o Concelleiro delegado de Facenda defendía que a presión fiscal da Estrada era moi baixa (298 € por veciño), pero este dato non vale para nada, porque aí non se contempla quen paga os impostos e canto lle costa a cada veciño aboar por ese imposto, ademais estamos na media da Provincia de Pontevedra. Indica que o Alcalde lle afeara que falara do IBI en Forcarei, e exhibe os datos que relacionan o valor catastrar residencial e os ingresos por ese concepto nos orzamentos municipais de cada Concello. Indícalle, así mesmo, que na Estrada o indicador é dun





5,4 mentres que en Forcarei é un 3,3., afeándolle ao goberno que intente crear a falsa imaxe de que na Estrada non se pagan impostos, cando iso non é así; indica, tamén, que o IBI de Lalín é 25 euros máis caro que o da Estrada, pero que en Forcarei son 112 euros menos, en Silleda 50 e en Cruces 90. Indica que a carga fiscal da Estrada está na media de Pontevedra e que as contas de Alberto Blanco están mal formuladas, porque contemplan os ingresos divididos entre o número de veciños, sen contar quen paga os impostos.

Referíndose ao IAE que ingresa O Porriño, 2.5 millóns de euros, e contrástao co IAE que ingresa A Estrada, 220.000 euros, indicando que Porriño ten menos veciños que A Estrada pero ingresa moito máis, e por iso a presión fiscal sae moito máis elevada, pero que iso non quere dicir que os veciños paguen menos impostos; ademais, A Estrada atópase na media provincial e galega. Por outra banda, lembra que, aínda tomando como válida a presión fiscal, pouco importa, porque A Estrada ten a segunda menor renda dos Concellos comparables, e que a pesar de ter maior presión fiscal, na Estrada a Gonzalo Louzao (que máis ou menos está na media de renda de acordo coa retribución da súa dedicación) quedánlle dispoñibles despois de impostos municipais 19.272 €, e que noutros Concellos, aínda con máis presión fiscal quedaríanlle máis cartos. Nomea os exemplos de Porriño, 21.000 euros, Moaña, 22.000 euros, Marín 23.000 e Cangas 24.000 euros.

Conclúe indicando que o Orzamento para este vindeiro exercicio non responde á situación de pandemia nin ás necesidades dos veciños e veciñas, non contempla as propostas socialistas, e que se trata do peor orzamento no peor momento, sendo estas as razóns polo que o seu grupo vai a votar en contra da súa aprobación inicial.

Pide a palabra a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen comeza dicindo que este proxecto de Orzamento demostra a falta de miras do grupo de goberno para dar resposta á situación excepcional que estamos a vivir, estando ante un documento practicamente igual aos da última década, o que deixa constancia da falta de consideración á hora de dar resposta aos novos veciños, desaproveitando a oportunidade de adaptar as partidas para dar cobertura ás necesidades tan urxentes nestes momentos. Polo dito, considera que nunha situación excepcional hai que actuar tamén dun xeito excepcional para estar á altura das necesidades da nosa veciñanza e dos sectores económicos e comerciais, sen embargo, non se crearon novas partidas e non se reduciron gastos.

Considera importante que, a veces, a mala xestión deste grupo de goberno costa cartos aos estradenses, exemplo diso é a política de persoal que se está a seguir, creando conflitos permanentes cos traballadores e que rematan con sentenzas desfavorables para o Concello, sen esquecer a RPT, que agora temos que pagar á Universidade da Coruña para unha nova redacción.

Continúa dicindo que os números dos que presume o goberno demostran o desinterese en aproveitar ao máximo as competencias municipais para afrontar a situación caótica actual; a este respecto lembra que na Comisión de Facenda o seu grupo defendían unha serie de propostas que entenden que servirían para dar resposta aos problemas graves deste momento e que transformarían significativamente este proxecto de Orzamento, tales como o establecer unha partida para apoiar á hostalería; a supresión das taxas de subministro de auga, de recollida e de terrazas durante a duración da pandemia; incrementar as partidas do Banco de Alimentos, Axuda no Fogar, dinamización económica; a creación dunha partida para o mantemento do patrimonio cultural e natural como base dun turismo sostible; e, por último, orzamentar unha partida para a sinalización no rural.

En definitiva, considera que os problemas marcados pola situación provocada polo COVID-19 quedan sen resposta neste Orzamento proposto polo grupo de goberno e, polo contrario, perpetúan a situación a vivir ata de agora (cada vez o rural máis abandonado e cada vez menos





oportunidades), e, por esta razón, o seu grupo votará en contra da aprobación do Orzamento obxecto desta proposta.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando a súa opinión de que este Orzamento para o 2021 non só é continuista, senón que incluso inmobiliistas; é dicir, había moitas expectativas xeradas con respecto a este documento, sobre todo polo tempo que se tivo para a súa redacción, e á vista disto debería ser, polo menos, máis claro, por exemplo, a partida de investimentos non está definida, de feito non mostra a que vai a ser destinado o seu importe e, aínda que entende que iso da moita liberdade, non é o máis práctico.

En relación ao manifestado polo Concelleiro Alberto Blanco Carracedo, sobre que é o Orzamento con máis carácter social, agardábase outra cousa en relación ás prestacións e axudas sociais, sen embargo non é así, tan só hai un pequeno incremento que non serve para nada á hora de paliar as necesidades actuais, nin sequera para dar resposta ás persoas dependentes actualmente en situación de espera para percibir o SAF ou que necesitan outro tipo de axuda ante a situación actual de crise.

Tratando o investimento no rural, di que é tan precario que da a entender que ao grupo de goberno só lle importa este sector só cando se trata de recadar votos, adiviñando que, ao final, vai a quedar sen os servizos básicos, saneamentos e cunha comunicación nefasta, non ofrecéndolle unha igualdade cos servizos que goza o casco urbano.

Tampouco observa que se solventen os problemas da vivenda pública, e non se refire só a vivenda social, senón tamén a unha vivenda pública feita unicamente polo Concello e igualitaria para todo o mundo.

Observa así mesmo que non se contempla ningunha partida específica para axudas á hostalería e comercio local, nin a esas persoas que laboralmente sofren as restricións provocadas pola pandemia.

Finalmente, por observar que se trata dun Orzamento feito á lixeira e, por esta causa, votará en contra da súa aprobación.

Intervén o Concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, aclarando, por alusións, que na redacción deste proxecto de Orzamento traballaron todos os que compoñen o grupo de goberno, sendo o noveno documento aprobado dende que está no poder o seu partido e que deron un cambio radical ao Concello da Estrada, sendo esta a razón polo que o cualifica de continuista. Di que non ten problema en que lle chamen falaz ou mentireiro, a pesares que el non soe utilizar eses cualificativos para dirixirse aos voceiros da oposición, sen embargo lle parece de moi mal gusto a persoalización que fixo o Sr. López Bueno sobre cada un dos membros que compoñen o grupo de goberno, algo que nunca fará en relación con aqueles que son cómplices co goberno socialista, o cal o único que sabe facer é subirse o soldo.

(INTERROMPE A SRA. BELÉN LOUZAO, NON TRANSCRIBINDO A SÚA INTERVENCIÓN POR NON APRECIAR O DITO Á FALTA DO USO DO MICRÓFONO)

O **Sr. Alcalde** lle pide á concelleira socialista Dna. Belén Louzao que non interrompa as intervencións e garde respecto; en caso de querer manifestar algunha cuestión deberá trasladarlllo ao seu voceiro, o cal poderá intervir novamente, porque ela non ten voz propia no seu grupo e teno que facer por medio do seu voceiro, ou ben pídalle permiso e non terá problema en concederlle a palabra; deste xeito podemos levar unha dinámica ordenada desta sesión.





Continúa o **Sr. Blanco Carracedo**, dirixíndose á Sra. Louzao, para dicir que entende que é complicado ser cómplice das cousas que está a facer o seu partido político no goberno central, en concreto no que respecta ás entidades locais.

O **Sr. López Bueno** lle pide que centre o debate e a súa intervención, porque non estamos a falar do goberno central, senón a debater o Orzamento deste Concello para o ano 2021.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que el tamén referiuse ao goberno central e outras entidades na súa intervención, polo que lle pide que deixe que o Concelleiro delegado de Facenda poida seguir.

O **Sr. Blanco Carracedo** xustifica a súa referencia ao goberno central cando se está a falar do financiamento das entidades locais, porque hai enriba da mesa unha proposta de Presupostos Xerais do Estado onde se lles “mengunea”; de feito, todo aquilo que se prometía cos acordos coa FEMP non se reflicte nese documento.

En referencia á acusación sobre que descoñece os ingresos, o cal é certo, porque non se sabe o que vai a vir na participación dos ingresos do estado, esperando, polo menos, recibir o que están a prometer polos mínimos.

No relativo ao Obradoiro de Emprego, non se sabe si se organizará este ano, pero en caso de que si, dotarase economicamente a partida para o seu desenvolvemento; lembra tamén que este grupo de goberno foi o que máis Obradoiros de Emprego ofreceu.

En canto ás axudas ao comercio local, buscarase a forma de facelo, ao abeiro das decisións da Xunta de Galicia, Goberno Central e Deputación Provincial de Pontevedra, esta última que parece que non quere dar pasos, ao contrario que a Deputación da Coruña.

No que respecta á proposta da Ribeira Academy, di que dende este Concello se están a facer cousas.

Sobre os famosos 780.000,00 euros que conseguen reunir para mover dun lado para outro, di que non entende as contas do grupo socialista, porque aclaran que teñen en conta as modificacións de crédito, entendendo que non teñen en conta as vinculacións, os gastos comprometidos de incorporación obrigatoria e outros conceptos, polo que a conta da leiteira que están a facer non se asemella á realidade.

Na alusión de que financian con préstamos, aclara que é unha tramitación básica para calquera Concello, por elo, tendo a capacidade de sobra para facer fronte a un crédito, sería absurdo non acudir a el para facer inversións; ao menos que sexamos deses que queren xuntar todos os cartos para poder facer algo.

En relación ao destino das partidas de Servizos Sociais, defende que o incremento das partidas é para aumentar as horas de atención e prestar outro tipo de servizos, tales como Espazo Concilia, Centro de Alzhéimer e Atención Temperá, actuacións todas que foron promovidas por este grupo de goberno.

No que se refire ás actividades de maiores, non se sabe o que vai a pasar nun futuro; o Sr. López Bueno aconsellaba eliminar esa partida ou diminuíla e, en caso de que se poidan desenvolver, buscar os cartos; pero este grupo de goberno prefire ser previsor e dotala economicamente.

En canto á acusación de ingresos ficticios, aclara que están aí; que ¿todo recae nos veciños?,





loxicamente a veciñanza terá que contribuír polos servizos que se lle presta e, por certo, di que non se retocou ningún tipo de imposto nin de taxa, ao contrario da proposta dos Presupostos Xerais do Estado que aumentan as taxas estatais con afectación ás entidades locais.

Respondendo ao comentario de que non se fai un reforzo económico, di que para iso o fai o goberno central subíndose o soldo.

Dirixíndose ao Sr. López Bueno, lle pregunta se sabe qué é o “libro amarillo”, se sabe o que di a proposta de Presupostos Xerais do Estado sobre o que supón a situación de crise das entidades locais, para elo fai referencia á páxina 357 do informe económico-finaceiro dos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021, o cal di: “...*Se puede concluir que a actual situación de crisis no ha tenido repercusión en la financiación de las entidades locales y que tampoco la tendrá en el 2021, ya que este año las entregas a cuenta experimentarán un ligero incremento de un 3%*”; é dicir, que de todo que estaba prometido sobre o que ía a manexar as entidades locais quedou en nada, o que se traduce nun insulto, menos mal que temos un Presidente na FEMP que deféndenos a capa e espada.

Di que os tipos impositivos que ten o Concello da Estrada son os mínimos legais e, ao final, o que ten que pagar o estradense é polos servizos recibidos, salvo que veña agora o goberno coa afectación das taxas estatais.

En canto á acusación do grupo Móvete de falta de miras deste grupo de goberno, así como de continuista, reitera que esta última cualificación é certa, xa que continúa coa programación fixada dende un principio; sen embargo, dubida que a Sra. Mar Blanco lera todos os orzamentos aprobados ata de agora, porque non se debeu fixar en IDAE, EDUSI, Novo Mercado, Plan Especial da Baiuca, etc, cunhas próximas actuacións urbanísticas cubertas por este organismo, ao igual que ao longo do tempo.

No que respecta ao rural, observa que a oposición non está atenta ás noticias. Por outra banda, o grupo socialista di que este documento non ten carácter social, o que se adiviña que é mentira con observar as partidas adicadas a Banco de Alimentos, Teleasistencia, etc., servizos propostos polo actual grupo de goberno.

Sobre a vivenda pública, que reclamaba a voceira do Grupo Mixto (BNG), prodúcelle ledicia comprobar que por fin o BNG descubra para que sirve un Plan Xeral, porque é a maneira de obter terreo público para facer ese tipo de actuacións, pero votando en contra do PXOM e dicindo que este Concello favorece as iniciativas privadas non axuda á construción de vivendas públicas por non ter o so para facelas.

Intervén o **Sr. López Bueno** observando que o Sr. Blanco Carracedo contesta ao que lle parece, porque de promoción económica, emprego e rural non escoitou nada. Lamenta que ao grupo de goberno lle moleste as referencias persoais, pero é que tampouco dixo mentira algunha, afirmándose na súa manifestación de que son cómplices, polo contrario el mesmo non se considera cómplice do goberno central, porque nas Cortes Xerais e no Parlamento non ten voto, mentres que eles si que poden. Por outra parte, tamén lamenta as referencias a vicevoceira do seu grupo municipal, informando que ela ten a palabra para intervenir na sesión plenaria cando o considere oportuno, porque o grupo socialista é participativo.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para aclarar que iso non é así, xa que ela poderá falar cando o seu voceiro lle ceda a quenda de intervención, e non cando queira, mantendo deste modo unha organización razoable no desenvolvemento da sesión plenaria; tamén non se pode interromper cando outro voceiro está no uso da palabra, terá que esperar que este remate e se lle conceda a palabra.





Continúa o **Sr. López Bueno** aclarando que na súa anterior intervención non dixo que o grupo de goberno descoñecera os ingresos, e se o Alcalde se sentiu ofendido pídelles desculpas; di, en relación aos 762.000 € de diferenza que atopou entre o orzamentados e o executado tendo en conta esas modificacións de crédito, ofrécendose a repasalos con detalle, pero as estudou moi ben e con detalle.

Di que tampouco entende moi ben o por que o Concelleiro delegado de Facenda se ofende tanto por haberse dirixido a el, cando é o voceiro do grupo de goberno, Concelleiro de Facenda e quen fixo a presentación e defensa desta proposta; e tampouco entende por que se tomou a mal a referencia ao préstamo, porque entende que o mellor é financiar con fondos propios e todo o que ten que facer é defender o seu criterio.

En relación cos ingresos ficticios, di que son así ata certo punto, porque son ingresos que se contemplan pero xa estaban aí na Liquidación do 2019, e agora recóllense na previsión do Orzamento.

Continúa manifestando que as proposta feitas polo seu grupo eran bastante acaidas, ben orientadas e pensadas, lamentando a actitude do Concelleiro delegado de Facenda de meter neste debate ao Goberno Central, porque o grupo de goberno, como Partido Popular, votou que non cando se lle daban os instrumentos, ¿que piden agora?; queiran o non queiran, o Presidente da FEMP aprobou aquel acordo cunha maioría e que deixa constancia de que máis do 50% dos concellos estaban de acordo co instrumento que ofrecía o Goberno do Estado, e se a este grupo de goberno non lle gustaba por cuestións políticas o pode entender, pero resulta que agora o están a pedir.

Para rematar quere falar sobre o asunto dos impostos municipais, pero el xa os explicou na súa anterior intervención con datos e non co “conto da leiteira”, así explicaba que os estradenses pagan impostos ao mesmo nivel que o resto da provincia e non como di o grupo de goberno, se queren podemos seguir debatendo este punto, porque canto máis se fale máis se derrubará o seu castelo de naipes.

Reitera o sentido negativo do voto ante este Orzamento, facendo notar que o Concelleiro de Facenda non respondeu as crítica feitas nas intervencións anteriores.

Toma palabra o **Sr. Alcalde** agradecendo ao voceiro do grupo socialista a súa concreción nesta sesión plenaria. Considera que o Orzamento que estamos a tratar corresponde a un ano difícil e diferente, coincidindo en que ante situacións extraordinarias hai que tomar medidas extraordinarias, pero tamén cre que durante estes anos de goberno o seu grupo ven aplicando unha política orzamentaria baseada na prudencia, non recollendo ingresos que aínda non están establecidos no Parlamento, así como outros recursos que non están fixados, por iso falamos duns orzamentos prudentes, considerando que a prudencia non é una verba despectiva no ámbito da xestión orzamentaria e, a este respecto, hai varias correntes na tramitación, a prudente, a valente, a suicida e a socialista, porque este partido político xestionou dúas crises con un resultado desastroso polo que o grupo socialista municipal pode estar orgulloso, aínda que non son parte do asasinato, senón que son cómplices, cómplices de habernos querido quitar os 2.200.000,00 euros de remanentes que vamos a destinar a políticas de apoio aos emprendedores, e como no seu momento non aceptamos esa cuestión na FEMP, porque só votaron a favor os gobernantes socialistas, afortunadamente tumbaron a proposta no Congreso dos Deputados o resto das formas políticas; pero agora opta o goberno central por castigar ás entidades locais sen a aportación correspondente da parte dos fondos públicos, e desgraciadamente a oposición municipal o defende, repartíndonos tan só un 1,8% cando correspondería o 14%. Ante o anterior,





di que entende que a situación do grupo municipal socialista é incómoda, pero teñen que recoñece que o partido deste grupo de goberno leva tres maiorías absolutas, sinal de que algo se está a facer ben, polo que lles pide un pouco de humildade, e canto máis non separemos da política central mellor lle van a ir a este Concello, non hai máis que ver con quen contan para aprobar os orzamentos do Estado (independentista, etarras,...), o que lle fai máis consciente da necesidade de separarse dese senda política do Partido Socialista.

En canto á acusación de que este grupo de goberno non apoia ao comercio, non está de acordo, sinal diso é a política baseada nun Orzamento elaborado en coordinación coa Intervención municipal, ao que agradece o seu traballo e esforzo e que fixo unha labor importante no mes de setembro coa prórroga do Orzamento do 2019 dando resposta ás peticións dos colectivos de comerciantes, empresarios e hostaleiros mediante un acordo que se cumpriu no cento por cen, que non ía na liña que a oposición propón, nin na liña do Alcalde de Vilagarcía (ao que fai tanta referencia o voceiro do grupo socialista), porque non está de acordo coa xestión deste Alcalde, é máis, non o considera un exemplo a seguir e está a deixar aos pes dos cabalos aos demais concellos, a pesares de ser o presidente da FEGAMP.

En canto ao investimento no rural, aclara que hai 5.000.000 euros que se executaron no ano anterior en asfaltados, 1.000.000 € que xa están adxudicados para o mesmo fin ou en licitación, 120.000 euros adxudicados para asfaltados a facer durante este mes e, neste novo Orzamento, prevense adicar 1.500.000 euros; temos tamén realizada a xestión para a extensión da fibra óptica, estamos a deseñar o plan de sinalización de todo o rural (máis de 800.000 euros financiados con fondos EDUSI), temos acordado como inversión plurianual a obra de abastecemento de Tabeirós e Nigoí (750.000 €), temos 100.000 euros para licitar a mellora integral das rutas de sendeirismo en máis de 20 parroquias, temos adxudicado e en execución o arranxo das fontes no rural, temos en marcha o proxecto máis ambicioso na historia deste Concello e que é o proxecto de eficiencia enerxética para investir máis de 80.000.000 euros para cambios no alumado do rural; polo que non admite que se diga que este grupo de goberno non se preocupa polo noso rural.

Cando o voceiro do grupo socialista falaba de que se observaba un incremento das partidas de Servizos Sociais pero que non servía para nada, entón pregúntase ¿para que serve o incremento de 100.000 euros que se presuposta?, aclara que 80.000 € para o SAF, pasando a un importe de 880.000 €; ademais, todos aqueles novos servizos creados por este grupo de goberno incrementan o gasto en políticas sociais e, evidentemente, este Orzamento lles da cobertura.

Cando se fala de datos fiscais, faille unha proposta ao Sr. López Bueno, e que é como se pode facer para aforralle aos veciños pagar menos polo IBI, porque na actualidade temos o tipo impositivo máis baixo de todos os concellos coa mesma categoría, estando no mínimo legal de 0,4, sendo o imposto que máis ingresos produce ás arcas municipais; sendo a única solución para rebaixalo a execución dunha nova ponencia de valores, tal como propoñía a voceira do BNG, pero ten dúbidas de que isto sexa bo e non vaia a pasar o mesmo que cando se fixo a revisión catastral, xa que a última ponencia de valores fíxose no ano 1996, polo que unha actualidade incrementaría a carga impositiva. En canto ás demais taxas e ingresos pasaría o mesmo, porque este concello é dos que menos cobra, exemplo diso son as taxas por recollida de lixo, moi por debaixo en comparación cos Concellos de Lalín ou de Teo, de feito levamos nove anos se actualizar as taxas.

Con respecto ao apoio ao comercio, non se pode outorgarles unha execución nas taxas e impostos, segundo consulta a Intervención, polo que se intentará buscar políticas que permitan incentivar a actividade económica; informa que se está buscando co ORAL a forma de eximir aos locais comerciais do pagamento de certos impostos por causa de forza maior e por peches obrigatorios. Ademais se estudan vías de apoiar economicamente ao sector mediante os remanentes do





Concello.

Cando se empezou coa redacción do Orzamento, decidiuse da man da Intervención municipal ser prudentes e cautos; e aqueles recursos que non están reflexados no presuposto non significa que non se manexen, porque os recursos que van a vir virán igual, así, cando cheguen os cartos de participación nos tributos do Estado serán incorporados e poderanse ter como remanentes no exercicio seguinte.

Tamén quere facer fincapé en que o IDAE non está contemplado no Orzamento, en caso de que o estivera entón as partidas para o rural incrementaríase en oito millóns e medio de euros, pero como no se recibirán ata o ano que ven non os metemos porque, en caso contrario, sería unha maneira de distorsión dun Orzamento que ten que recoller a realidade ano a ano da situación económica do Concello e, a partires de aí, iranse incorporando os ingresos dos proxectos de forma extraordinaria; e o mesmo se pode aplicar á EDUSI, onde poderíamos incorporar todos os proxectos para o vindeiro ano pero non o vamos a facer ata ter os ingresos efectivos, tales como o da Praza da Feira, a sinalización do rural, a modernización da administración mediante actualizacións e novas plataformas, como por exemplo o teleadministración, creación dun espazo para colectivos de maiores ou persoas vulnerables, etc. Polo tanto, temos da EDUSI dous millóns e medio de euros e da IDAE oito millóns e medio, pero é que tamén non temos incorporado o Plan Concellos, os convenios con outras administracións (como a traída de augas de Tabeirós e Nigoi) e os remanentes actuais, e ao anterior hai que sumar esa posible aportación do Estado. Do anterior, dedúcese que se executa o dobre do que se presuposta, polo que no entende que a oposición considere que todo iso sexa unha mala xestión económica.

Continúa considerando que o ano que ven vai a ser extraordinario, polo que hai que tomar medidas extraordinarias para as que este Concello ten capacidade económica para afrontarlas, botando en falla o municipalismo e o apoio do resto dos grupos políticos municipais, non contando ademais co apoio do Estado e das Comunidades Autónomas, xa que os concellos somos os que temos máis relación directa cos veciños e estamos a prestar servizos que non son a nosas competencias, todo elo sen a axuda das administracións superiores.

Por outra parte lembra que o Sr. López Bueno dicía que deberíamos incrementar as políticas de apoio ao sector produtivo, a este respecto aclara que o Concello non ten competencia en promoción económica, sendo responsabilidade e competencia do Estado e da administración autonómica, pero como nós temos os veciños na porta acabamos implicándonos en cuestión que non son competencia directa e acabamos poñendo en risco a solvencia financeira e económica da administración local; polo que debemos ser coherentes e prudentes, de aí que este Orzamento o sexa tamén, dentro do que se contemplan recursos para poder mellorar a situación económica, de infraestruturas e de servizos do noso municipio.

Pide a palabra o **Sr. López Bueno**, voceiro do grupo socialista, para responder a dúas cuestións, en primeiro lugar, no que se refire a como xestiona o Partido Socialista os Orzamentos, aclara que eles non lle daban contratacións á medida do Partido Popular, polo que considera que o grupo de goberno está totalmente inhabilitado para falar destas cuestións e, á vista do que están a facer en Madrid, o estarán durante moitos anos para gobernar este país, polo que, como socialista, o alegra, pero como cidadán non.

Di que o Sr. Alcalde fixo un discurso que valería para a ONU, cheo de frases valeiras e con poucas explicacións. En canto ao IBI di que non pediu que tivera que recadar menos, poñendo de exemplo a Lalín, que ten unha bonificación do 60% para o rural. En canto á modificación das Ordenanzas fiscais foi unha proposta do Concelleiro de Facenda.

Comenta que pode comprender que Orzamento sexa prudente, pero dependente do concepto de





Orzamento que teña o grupo de goberno, porque se este non se parece en nada ao resultado final, entón non se pode considerar de Orzamento como tal, xa que este debe prever o que se vai a ingresar e intentar que se cumpra, polo que o documento que se pretende aprobar hoxe non cumpre esta regra; comprende o sistema que se está a utilizar na súa elaboración, non incluíndo eses fondos de EDUSI, IDAE, etc, pero ese sistema dificulta o control por parte do Pleno deses fondos e, ademais, non quedan sometidos a publicidade.

Finaliza manifestando que tamén é municipalista e, si tivera a sorte de ser Alcalde, contar con todas as ferramentas dispoñibles, pero vai a defender o municipalismo onde teña posibilidades de facelo, porque o Sr. Alcalde fala moito de isto, pero fóra da institución parece que non está a ter moitos resultados.

Reitera o voto negativo do grupo socialista á aprobación do Orzamento para o exercicio 2021, reiterando as cuestións que plantexou sobre este documento, porque a defensa que fixo o grupo de goberno non tirou abaixo ningunha das súas propostas.

O **Sr. Alcalde**, agradecendo as intervencións dos voceiros dos grupos da oposición porque, aínda que non estean de acordo, si existe unanimidade de desexar o mellor para todos/as os/as estradenses.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do grupo do Partido Popular (12) e en contra dos grupos do Partido Socialista (6), Móvete (2) e Mixto – BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 29/10/2020, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto que foi confeccionado o proxecto de orzamento do Concello da Estrada para o exercicio 2021, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria á que fan referencia os artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Vista a documentación contida no expediente 4033/2020.

Visto o informe emitido a esta proposta con data 22/10/2020 pola Sra. Interventora municipal.

Vista a acta do Consello Económico e Social, correspondente á sesión celebrada o 05/11/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na sesión celebrada o 06/11/2020.

Visto o debatido nesta sesión e, de conformidade co procedemento establecido nos artigos 168 e 169 do citado texto legal,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2021, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, co resumo por capítulos que deseguido se indica:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO 1.- Impostos directos: 4.308.000,00 €

CAPÍTULO 2.- Impostos indirectos: 200.000,00 €

CAPÍTULO 3.- Taxas e outros ingresos: 2.520.526,00 €





CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes: 6.343.697,00 €
CAPÍTULO 5.- Ingresos patrimoniais: 13.533,40 €

Total i. correntes: 13.385.756,40 €

CAPÍTULO 6.- Enaxenac. inversións reais: 18,00 €
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital: 108,00 €
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros: 15.000,00 €
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros: 300.000,00 €

Total i. Capital: 315.126,00 €

TOTAL INGRESOS: 13.700.882,40 €

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO 1.- Gastos de persoal: 5.658.162,64 €
CAPÍTULO 2.- Compra bens correntes e servizos: 6.467.827,51 €
CAPÍTULO 3.- Gastos financeiros: 26.806,17 €
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes: 720.599,00 €

Total g. correntes: 12.873.395,32 €

CAPÍTULO 6.- Inversións reais: 489.528,00 €
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital: 10.024,00 €
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros: 15.000,00 €
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros: 312.935,08 €

Total g. capital: 827.487,08 €

TOTAL GASTOS.....: 13.700.882,40 €

Segundo.- Someter o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos que se deduzan da liquidación correspondente ao ano 2020, en aras do establecido na disposición adicional 14ª do R. Decreto Lei 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Terceiro.- Ratificar para o exercicio 2021, ao respecto do persoal laboral fixo, a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino para os únicos efectos da determinación da retribución compensatoria incluída nas pagas extraordinarias:

Técnico de xestión: Nivel 26
Tradutor de galego: Nivel 26
Director da Banda de música: Nivel 24
Profesores da Escola de música
(50% por xornada reducida): Nivel 24
Asistentes sociais: Nivel 24
Informático: Nivel 24
Técnico de inserción sociolaboral: Nivel 24
Educador familiar: Nivel 24
Técnico psicología C.I.M: Nivel 24





Auxiliares administrativos: Nivel 16
Conserxes:: Nivel 14
Limpadoras: Nivel 14
Director gardería infantil: Nivel 24
Monitor de tempo libre: Nivel 20
Socorrista da piscina: Nivel 20
Vendedora de entradas: Nivel 14
Limpador dos vestiarios: Nivel 14

(A inclusión do persoal indefinido nesta relación vén motivada nas sentenzas xudiciais que establecen a equiparación cos laborais fixos)

O **Sr. Alcalde** levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

